



Páx 2-3

PONTEVEDRA:

Referente internacional de
calidade urbana

Páx 4-9

PONTEVEDRA

Discursos acto contra
o recorte de dereitos e
liberdades e polo dereito ao
aborto

Páx 10

PONTEVEDRA:

Folga estudantil do 20 de
febreiro

Páx 11

BARRO:

- O Concello contra a Lei do Aborto do PP
- O BNG felicita aos veciños e veciñas polo cambio do trazado do AVE

CONTRACAPA:

FOLGA ESTUDANTIL



Venres 14 de febreiro ás 20 h. Praza da Ferraría

Manifestación en defensa da sanidade pública

- 1.- Contra a marxinación sanitaria de Pontevedra e o Salnés !!!
- 2.- Non queremos ter en Santiago o Hospital de Referencia !!!. Ao estar máis lonxe, supón un risco para certas patoloxías, maior incomodidade e un custo adicional para pacientes e familiares.
- 3.- Contra o copagamento dos fármacos dispensados nas farmacias dos Hospitais aos pacientes ambulatorios !!!
- 4.- Contra os recortes e a privatización da sanidade pública !!!
- 5.- Por un Hospital Único e Público de Pontevedra, con todos os servizos que necesitamos e nos corresponden !!!
- 6.- Por unha Sanidade Universal, Gratuíta e de Calidade !!!

CHARLA INFORMATIVA

Luns 10 ás 20 h.

Teatro Principal de Pontevedra

Pontevedra, referente internacional en calidade urbana

O Alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, vén de participar en Bruxelas na entrega do premio intermodos 2014, que este ano comparten as cidades de Lyon e Utrech. E fíxoo cun discurso no que reivindicou o modelo de cidade compacta e integrada, de grande calidade urbana, que prime a mobilidade peonil. A continuación transcribimos o seu discurso:

Hai un ano Pontevedra recibía este Premio. Foi unha grande honra e inmensa alegría. Hoxe aínda son maiores ao comprobar que somos moitas cidades as que estamos camiñando na mesma dirección. Xuntos é máis fácil avanzar.

Reivindico as agrupacións humanas, o burgo, a vila, a cidade, como centro de vida económica e social, integrada, cohesionada.

Reivindico a cidade europea tradicional, compacta, integrada.

Reivindico o medio ambiente urbano, a calidade urbana, a creación dunha contorna urbana sen perigos do tráfico, sen contaminación acústica nin aérea, onde os sons dominantes sexan os dos paxaros e o das voces humanas.

Esta é a utopía realista, o ideal acadábel dos nosos días; as variadas utopías contra-urbanas, dende a Arcadia da cultura clásica até a suburbanización e contra-urbanización actuais, non deixan de ser reaccións ante o deterioro das cidades, ante a falla de calidade urbana, de calidade de vida das nosas cidades.

A literatura, tanto a xeral como a urbanística, está chea destes postulados acusadores do deterioro urbano, pero, o que é peor, o territorio está inzado de actuacións, asentamentos e infraestruturas que responden a estas teorías.

Pero son unha calexa sen saída, un círculo vicioso. Como a cidade está deteriorada polo abuso do automóbil, a poboación dispérsase, co cal as necesidades de usar o automóbil na cidade aumenta e a cidade deteriorase aínda máis. Por este camiño non hai saída posíbel.

Temos que romper este círculo, temos que recuperar a calidade de vida das nosas cidades reducindo drasticamente o tráfico motorizado, as molestias, perigos, ruídos e gases do tráfico motorizado. Camiñar debe ser a mobilidade central, nodal, básica, maioritaria nas nosas cidades; despois, e nun lugar destacado, a bicicleta, despois o transporte público, e, por último, o automóbil.

Nunha sociedade tan sedentaria, co perigo real da obesidade infantil, e do colesterol, camiñar ou andar en bici, son unha solución perfecta, tanto para a saúde como para a cidade.

Avancemos nesta dirección. Vale a pena.

Noraboa a Lyon e a Utrecht polo premio Intermodos, por avanzar nesta dirección de futuro.

PROXECCIÓN INTERNACIONAL

Intermodes: Pontevedra

Intermodes celebrará o vindeiro setembro en Pontevedra a súa reunión anual. Unha nova e magnífica oportunidade para a proxección internacional de Pontevedra como referente de calidade urbana.

Walk21: Sidney

O Walk21, o máis importante evento mundial sobre mobilidade, vén de convidar ao alcalde de Pontevedra por segunda edición consecutiva, a participar como ponente na súa cita anual. Se o ano pasado Lores participou en Munic na palestra de alcaldes, nesta ocasión quérese que sexa o “ponente principal”.

O Concello de Pontevedra non tomou aínda a decisión de asistir a este encontro porque o feito de celebrarse en **Sydney** fai que deban terse en conta os gastos da viaxe con tento antes de nada. Así se lles fixo saber aos organizadores que, dado o altísimo interese que teñen no modelo Pontevedra, ofertaron a posibilidade de intervir a medio dunha vídeo-conferencia.

Plataforma Europea de Xestión da Mobilidade: Florencia

Pontevedra terá tamén un papel destacado na **Conferencia Europea sobre Xestión da Mobilidade** que se celebrará este mes de maio en Florencia organizada pola Plataforma Europea de Xestión da Mobilidade. Pontevedra foi convidada a se presentar ao congreso, e a súa ponencia foi unha das seleccionadas entre as 189 colaboracións que se presentaron

Outras participacións

No Concello recíbese unha moi grande cantidade de convites, demandas de información e solicitudes de visitas dado o altísimo grao de coñecemento que existe xa do modelo Pontevedra.

Todas elas son peneiradas e analizadas para conseguir un bo equilibrio entre a proxección exterior da cidade e a non interferencia no funcionamento da maquinaria municipal.

Nos últimos días unha ampla delegación da cidade portuguesa de Torres Vedras visitou Pontevedra para coñecer o noso modelo urbano, reuníndose, ademais de co alcalde, con técnicos municipais e representantes da policía local.

Polo seu interese e producimos as intervencións do acto contra o recorde de dereitos e liberdades e polo dereito ao aborto que o BNG celebrou no salón de actos de Belas Artes o pasado 31 de xaneiro, coa participación de Carme Fouces, Sabelá Bará e Miguel Anxo Fernández Lores

Defendámonos das agresións do sistema

Miguel Anxo Fernández Lores

Malos tempos para a lírica, moi malos, como cantaba o Coppini alá nos primeiros 80 noutro momento coma este: cun tremendo recorte de liberdades a seguir do golpe de estado. Malos tempos para a igualdade social, para a xustiza social, para o futuro de Galiza, para as liberdades individuais, para os dereitos individuais, nacionais e sociais.

Hai máis de tres anos o BNG, eu mesmo, xa alertamos de que non estabamos diante dunha crise económica. Que estabamos ante unha ofensiva despiadada e cruel contra as nacións periféricas, contra as clases populares e traballadoras e contra os dereitos adquiridos. Ofensiva orquestrada e dirixida polos centros reitores da Unión Europea e que executaron no Estado Español, primeiro o PSOE e despois o PP, e, na Galiza o PP de Feijóo. Ataque cruel do sistema contra a inmensa maioría para favorecer aos poderosos, aos grandes capitalistas especulativos, ao capital financeiro.

Hai que chamarlle as cousas polo seu nome; nin crise económica nin austericidio nin recortes; o real, o verdadeiro, o que está a pasar é un ataque sistemático contra Galiza, contra as clases populares e traballadoras e contra os seus dereitos sociais e individuais.

A alguén pareceralle que dá o mesmo, que non importan os termos.

Pois si importan, e moito. Contra a crise económica só queda agardar que se tomen medidas para superala



e deixar que surtan efectos; contra a austeridade no gasto público, pouco temos que dicir, sempre debeu habelo. En todo caso, por ese camiño o máis que imos facer é pelexar para que os paus, os recortes, lle afecten a outros. Ou sexa, protestas parciais e fragmentadas, que pouco dano lle fan aos atacantes. Divide e vencerás.

Pero o que está a pasar é un ataque, unha declaración de guerra en toda regra, unha invasión planificada contra os dereitos nacionais de Galiza e contra as condicións de vida e os dereitos sociais e individuais das clases populares. E contra un ataque, contra unha agresión, o único camiño posíbel é a defensa, a loita democrática de todos e todas os agredidos contra o agresor.

Desligar a defensa da sanidade da do ensino, polos dereitos laborais, polo dereito ao aborto ou as pensións, é o camiño do fracaso. O agresor ten centros de decisión únicos e a dispersión das respostas, a falla de coordinación debilita á defensa e facilita os plans do atacante. A menos que fiemos a solución a disensións internas dentro das filas do atacante, cousa que moi poucas veces vai suceder, incluso co recorte do dereito ao aborto, a pesares do balbordo de algúns destacados membros do Partido Popular.

O único instrumento, a única organización que ten Galiza que non está subordinada os intereses da UE nin do Estado Español é o BNG; a única organización que ten como razón exclusiva de existir a defensa de Galiza e das súas clases populares e traballadoras, dos seus dereitos colectivos e individuais, é o BNG.

Non é casualidade o intento de desfacer o BNG con ataques dende fora e dende dentro; co BNG debilitado, os ataques á Galiza tiñan máis posibilidades de éxito. Pero fracasaron rotundamente; o BNG está hoxe consolidado, forte, con impetu e iniciativa.

Como fracasaron cos seus ataques a Pontevedra e ao seu Goberno Local.

Anda o PP moi alborotado, obsesionado con Pontevedra.

O Conselleiro Agustín Hernández sempre ten que meterse con Pontevedra, veña a conto ou non. Dá

orde a Sogama de pleitear contra o Concello de Pontevedra; rouba medio millón de euros que debe da Ponte das Correntes; quer roubar 1,4 millóns do saneamento do Gafos....

O Conselleiro de Educación non vai facer o comprometido Carlos Oroza. A Consellería de Sanidade frea o Hospital Único de Montecelo e maréanos cun suposto Hospital Privado en Montecarrasco, etc. A Xunta até nega pór uns lombos en Rosalía de Castro que lle pagaba o Concello. Razón: castigar a Pontevedra. E mesmo tertia o P.P. de Poio e o de Sanxenxo co corte por obras da ponte da Barca. Até Rajoy intervén para levar aos tribunais o Concello pola paga de decembro; o único en Galiza.

Pontevedra parece a capital das lideiras do P.P. en Galiza. E Jacobo Moreira aplaude coas orellas estas obsesións dos seus xefes; máis non se lle pode pedir, éche o que hai!.. E se non chegan eles, se non chega o PP, mandan a Hazte Oir ou outros inventos parecidos a atacar ao Goberno Local de Pontevedra.

Os motivos dinos eles claramente; preocúpalles que o BNG sexa insumiso, que Lores sexa insumiso.

Pois claro que somos insumisos; e seguiremos sendo; que se alboroten o P.P. e os seus acólitos todo o que queiran. O que me dá pena é non poder ser aínda máis insumiso, poder defender, mediante á insumisión aos veciños de Pontevedra dos ataques do sistema, do paro, das quebras, do recorte de dereitos e liberdades.



A caverna fascista

Carme Fouces

Para min e para moitos e moitas de nós, era inimaxinable que a nesta altura estivesemos outra vez loitando polos dereitos máis básicos e ademais que xa coidabamos conquistados.

Quén nos ía dicir a nós, ás do BNG, que medramos reivindicando máis dereitos, máis avances, máis xustiza... que iamos estar pedindo ficar como estamos.

Conformarnos co que temos! Nin nos peores soños. Pero neste caso é así.

Temos unha lei que garante a liberdade da muller para planificar a súa vida. Con datos incontestables: 12% de abortos no estado español fronte ao 20% en Europa, descenso do 21% desde o 2011 no número de abortos (dato que o ministro intentou ocultar quitándoo da súa web) e un 5% menos en Pontevedra. Número de mulleres mortas, 0.

Entón, a pregunta é: a quen lle molesta esta lei? Pois a quen vai ser, aos poderosos herdeiros dos vellos tempos, nostáxicos de aquela sociedade franquista da que lle falaban os pais. Saudosos dos privilexios perdidos. Atopámonos en plena loita para non volveren eses tempos. Tempos onde os que traballaban seguían sendo pobres. Como agora.

Onde os que protestaban, quedaban fichados pola policía, como agora.

Onde as mulleres éramos as últimas monas, como pretenden agora.

Queren que a maternidade planificada, desexada e gozada sexa un privilexio de clase, ilegalizando o aborto e recortando en educación.

As que teñen recursos fan e desfán, e as familias, as parellas e as mulleres da clase traballadora, empobrecidas e cargadas de criaturas. Inmobilización garantizada. Sock social.



Ese é o verdadeiro obxectivo. Nada que ver coa defensa da vida nin ca discapacidade.

Para prever os embarazos non desexados e as enfermidades de transmisión sexual a LOMCE elimina do seu currículo toda referencia á educación sexual, Feijoo desmantela os Centros de Orientación Familiar, desmantela os centros Querote que asesoraban a xente nova.

Todo perfectamente coherente co deseño social, laboral, financeiro e político. Inmobilización total.

O dereito ao aborto libre e gratuito non ten marcha atrás. Non van poder arrebatárnolo, tende a certeza disto.

Cando unha muller toma a decisión non hai lei que a pare. Permitirá que a chamen tola, arriscará a súa vida ou buscará o diñeiro onde for, mais non terá marcha atrás. A decisión está tomada.

Ante isto, o Estado só debe facer unha cousa: garantir unhas boas condicións sanitarias e psicolóxicas. A lexislación actual atende bastante ben ás condicións sanitarias, aínda que ten aspectos que se deben mellorar. Queren derogar unha lei sanitaria e aprobar un código penal.

Inventaron algo así como "o concebido" como suxeito de dereito, por riba dos dereito das mulleres. Con

esta lei afiánzase un imaxinario que está sustentado en rixidas ideoloxías moralistas. De feito, se esta lei fose levada até as súas últimas consecuencias, pode atacar tamén as investigación nas células nai e moitos dos desenvolvementos científicos que veñen dándose nos últimos anos, xa que estes inclúen o uso de embrións e nesta lei non queda claro onde ten que ser concebido para contar como suxeito de dereito.

Non esquezades que hai lugares no mundo que en nome da relixión, non está permitido ensinar a teoría de evolución de Darwin. Por exemplo, en algúns estados de EEUU. Fica claro que ese é o modelo social que buscan, o dos ianquis máis retrógrados.

O aborto non ten nada que ver coa saúde mental das mulleres, non somos enfermas. Os psiquiatras terán que optar por abandonar as mulleres a súa sorte ou mentir e diagnósticar un problema mental que non existe para permitir abortar.

Esa é a sociedade que queren.

E para revestirse de solidariedade, aprópanse do discurso dos dereitos das persoas con discapacidade para limitar os dereitos das mulleres. Intolerábel. Defenden o concebido con malformacións e cando nace quitanlle a posibilidade de ter unha vida digna, destrúen a Lei de Dependencia, eliminan o transporte do 065 e todas as melloras que se foron conquistando para facilitarles a vida, pero mesmo van máis alá e non teñen reparos a derrogar o artigo 156 do código penal que prohibía a esterilización forzosa das persoas con discapacidade. Rozan o sadismo cando obrigan a parir un feto morto se pasa dos cinco meses e medio, en vez de utilizar outros métodos médicos máis avanzados para evitar as secue-

las imborrables que ten un feito deste tipo.

Sádicos e hipócritas, que para retirarnos dereitos laborais e sociais seguen as ordes de Europa sen protestar mentres, para someter ás mulleres, cópianlle a Irán a súa lei do aborto. Até a deles é máis tolerante que esta. Neste caso sí, Europa vai por outro lado, así a extrema dereita francesa berraba que querían a Rajoy de presidente para evitar que aprobaran a nova lei que reconece o aborto como “un dereito completo e non unha simple tolerancia con condicións”.

Non imos cosentir que transformen as mulleres en factorías de man de obra barata, como nos explicou o ministro esta semana.

Non queremos nen debates nen consensos nen melloras do anteproxecto de lei do concebido. Queremos que se retire íntegramente. Ese é o obxectivo. E para iso a xente moza debe poñerse á fronte. Se sempre foron imprescindíbeis, neste caso máis que nunca.

Teñen clara a folla de ruta. Isto é só unha peza máis. Non é un feito isolado na paisaxe.

Estes anos de loita para conseguir o que agora nos queren quitar deunos experiencia e sabedoría. Temos que usala e usala ben. Organicémonos e loitemos contra a caverna fascista, hipócrita e sádica como se fixo noutros tempos.

Ningún dereito está a salvo, estamos en loita e deben sabelo.

O BNG defenderá o dereito ao aborto libre e gratuíto alí onde estea. ADIANTE!!!!



Hora de rebotarse !

Sabela Bará

Son estudante, teño 20 anos e son muller. Levo moito tempo vendo como me rouban os meus dereitos e a miña liberdade. Sei que os dereitos non mos conceden, que hai que conquistalos, mais xa estou farta e teño claro que vou loitar por eles. Non só polos meus dereitos individuais, senón tamén polos dereitos colectivos.

Quítannos o dereito a unha vivenda digna, a un traballo digno, a un ensino público, a unha sanidade pública, a manifestarnos libremente, a falar a nosa lingua e, aínda máis, ás mulleres arrebatánnos o dereito a decidir sobre os nosos corpos.

O que menos necesitamos agora é a resignación, quedar sen folgos. Iso é o fácil... A min isto cabréame máis. As estratosféricas cifras do paro, os meus compañeiros emigrando, ben... perdón... practicando mobilidade exterior! Marchan do meu país: Galiza. O PP condénanos ao traballo precario, lonxe da nosa terra e adícase a vendernos o de aprender idiomas e vivir aventuras. Apaixoante... Tras dúas carreiras, un máster e tres cursos de idiomas ímonos a Alemaña. Si, seguro que estar lonxe da nosa familia e dos nosos compañeiros vai ser unha aventura apaixoante! Ese é o futuro que queren para nós. Así baixámoslles as cifras do paro, non?

É o momento de rebelarnos contra este sistema cruel e corrupto que nos condena ás mozas e mozos de por vida. A non ter futuro. A non poder decidir por nós mesmas. A non ser libres.

E por se aínda fora pouco, ás mozas, a dereita máis retrógrada e reaccionaria xunto coa igrexa católica roubánnos a liberdade, a liberdade de ser mulleres. Deciden que debemos facer e xa é hora de dar un golpe na mesa e dicir que xa chegou. Nos nosos corpos non manda ningún.

Estamos a vivir un retroceso brutal. Que non nos enganen. Estannos a dicir que non nos queixemos tanto, que estamos volvendo a unha lei de 1985. Cando xa



estabamos en democracia... Non. Non voltamos ao 85, voltamos ao máis profundo franquismo ao que desexan volver o ultracatolicismo e a ultradereita. Queren ás mulleres na casa, coidando dos fillos, cociñando para os maridos e, por suposto, sen poder estudar. Queren mozas submisas. Queren voltar aos abortos clandestinos, ás mulleres mortas. A lei de Gallardón non vai diminuír o número de abortos, senón que aumentará os abortos de risco, especialmente para as persoas con menos recursos, poñendo a vida das mozas en perigo. Mozas que non terán ningunha capacidade para decidir pois todo recaerá no que consideren os seus titores.

Algúns sorpréndense das medidas do PP. A min xa non me sorprende nada. Xa hai tempo que sacaron a máscara de demócratas para amosar a súa verdadeira face fascista. Porque arrebatara a liberdade ás persoas, os seus dereitos, é fascismo.

Eliminaron todas as campañas de información sobre saúde sexual e reprodutiva, suprimiron os centros Quérote, subvencionan aos centros que segregan por sexo, dan aportacións a grupos como Red Madre.

Eliminan a información e a educación sexual e comezan a aparecer aulas de sexualidade en periódicos españois que aseguran cousas como: "la violación es una atrocidad, pero el embrión no es culpable de lo que le sucedió a su madre, ni de que su padre sea un criminal"; "la masturbación no es ni buena ni necesaria

para la salud, decidirse por no masturbarse es posible”; “sí es realista esperar al matrimonio para tener relaciones sexuales, además es muy saludable para preparar un matrimonio con un amor fuerte y comprometido que sea tu camino para ser feliz”; “recuerda que estar embarazada significa que vive en ti un nuevo ser humano que es hija o hijo tuyo. No es una parte de tu cuerpo, ni un “proyecto” de ser humano, ni un simple coágulo o grupo de células. Es un ser humano, mujer o varón que ya tiene su propia identidad. El aborto no va a solucionar tus problemas”.

A Igrexa católica máis rancia e retrógrada edita libros que ensinan ás mulleres a ser submisas! O famoso e noxento libro “Cásate y sé sumisa” parte da afirmación de que a paridade non existe porque homes e mulleres non son iguais. Non fai falla decir máis. Iso é o que verdadeiramente pensan e defenden.

A desinformación, os estereotipos, o medo ao rexeitamento, o medo... esa arma tan forte que teñen. Xogan con nós. Son eses grupos antiabortistas os que nos adoutrinan, os que nos arrebatan a liberdade a decidir por nós mesmas e a estar verdadeiramente informadas. Eses grupos, como Red Madre, aos que o goberno de Feijoo, si, ese que agora di que o aborto non está tan mal, financiou con 60000 euros hai uns meses.

Esa dereita reaccionaria, o Foro da Familia, esixe, ESIXE, que o concello retire a faixa que pendurou hai uns días. Eu ás veces plantéxome se o mundo está dado á volta e isto de democracia non ten nada. Esixir... O dereito a un aborto libre e gratuito non obriga a ninguén a abortar. Aborto libre, libre é a palabra que lles molesta. Acúsannos a nós de adoutrinar, pero é a eles a quen non lles gusta a liberdade, gústalles a imposición.

Os grupos antiabortistas defenden o dereito á vida. A vida de quen? E o dereito das mulleres a unha vida digna? A ter a vida que nós queiramos? E se sufrimos maltrato, se fomos violadas, se non temos recursos? Moitas situacións máis. Lembremos que interrupción do embarazo –máis alá de constituír un dereito- parte dunha necesidade. Así a súa repenalización, que ten demostrado ser absolutamente inútil para reducir o número de abortos, sumirá máis unha vez esta práctica no escurantismo, na clandestinidade e na mercantilización.

E aínda por riba, para os posibles supostos necesitamos un grupo de médicos e psicólogos que non saben nada de nós, mais que terán o dereito de declararnos tolas ou non.

Ademais, como se pode defender a vida se logo se recorta en axudas á dependencia, á vivenda para mozas e mozos, ás familias monoparentais, ás familias sen recursos...?

Xa chegou, é hora de rebotarse contra esta dereita rancia, reaccionaria, retrógrada e fascista que nos quere devolver aos peores tempos do franquismo. Debemos defender o noso dereito como mulleres: o dereito a decidir sobre nós mesmas, sobre os nosos corpos. Debemos loitar por un aborto libre e gratuito con todas as garantías. Son dereitos que costou moitos anos conseguir, moitas mulleres comprometéronse e loitaron por nós.

Tócanos a nós, seguir a loita, non só ás mozas, mozas e mozos temos que loitar, combater e comprometermos. Eu protestei, protesto e protestarei sempre porque me dan razóns para facelo. E fágoo por min e polas futuras xeracións porque non vou permitir que máis adiante alguén me bote en cara que non fixen nada, que non me rebotei por min e polos demais.



**CONCENTRACIÓN
en defensa do dereito ao aborto**
Sábado 8 ás 12 h.
Edificio de Correos
Pontevedra

#20f-NONáLOMCE

Este 20 de febreiro, as rúas de Galiza rebordarán de alumnas e alumnos dispostos a loitar, máis unha vez, contra a LOMCE. Esta é a lei do Partido Popular. Só do Partido Popular, non o esquezamos. Unha lei que é sinónimo do Partido Popular: rancia, fascista, españolizadora, clasista e antidemocrática.

En Galiza Nova cremos firmemente que esta lei nace morta, mais para freala precisamos da implicación total e absoluta de todas e todos nós. Saíamos á rúa, mobilicémonos, protestemos...! Hai que frear esta norma que aniquila o ensino público, universal e gratuito. E aínda estamos a tempo!

Pretenden impoñer 4 reválidas para segregar ás compañeiras e compañeiros con maiores dificultades de aprendizaxe, levalos por tortuosos camiños, eliminándonos no canto de axudar a establecer un modelo educativo máis xusto e equitativo. Deste xeito transformará a educación pública, nunha educación elitista e clasista. Privatizan e destrúen o ensino público porque éles un negocio rendible aos seus “colegas”, aqueles que posúen e son accionistas de centros de ensino privados e concertados.

Eliminan Bacharelatos e Ciclos Formativos en zonas rurais e concéntranos nas grandes cidades, de xeito que o estudiantado destas zonas terá que desprazarse cos seus propios recursos para estudar o que queren. E de existir dificultades económicas para custear este desprazamento? Veranse obrigados que estudar a opción que lle ofrezca o centro máis próximo, gústelles ou non, porque dende logo, está máis que claro que a intención do PP é a de erradicar as bolsas.

Sen ir máis lonxe, estes días saían na prensa os novos requisitos para acceder ás bolsas Erasmus, como acreditar un bo nivel académico ou ter máis do 60% dos créditos aprobados. Ademais, o alum-



nado deberá dispoñer dun nivel B2 do idioma do estado de destino, un requisito practicamente inalcanzable para a maior parte do estudiantado. E por se fora pouco, para acreditar este nivel é preciso aboar unhas taxas para presentarse a un exame que, finalmente, pode recoñecerche (ou non) dito nivel. O obxectivo destas bolsas era que o alumnado puidera profundar na nova lingua, non saber falala perfectamente de antemán.

Estes recortes, unidos á constante política de desmantelamento dos centros, ao desproporcionado aumento do número de persoas nas aulas, aos continuados ataques á nosa lingua, á eliminación dos Bancos de Libros (primeiro o creado polo bipartito, e agora pretenden eliminar os que existen en Concellos como o de Pontevedra), o incremento do IVE do material escolar, o despedimento de máis de 2500 profesores/as dende a chegada de Feijóo, a implantación do RE-pago nos comedores escolares, as subvencións a escolas que segregan ao alumnado por razón de sexo, co adoutrinamento a través das aulas de relixión, o aumento constante das taxas universitarias ata nun 90% na 4ª matrícula...

Por se foran poucos os motivos aquí enumerados, non fai falla máis que ver o que o Partido Popular nos recorda cada día, roubándonos os nosos cartos, os nosos dereitos e, se llelo permitimos, quitaránnos até a dignidade.



O Concello de Barro contra a Lei do aborto do PP

O Concello de Barro vén de aprobar -coa abstención do PP- unha iniciativa do BNG contra a Lei do aborto que está a tramitar o PP e que pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos contrarios aos dereitos das mulleres. De aprobarse, esta Lei suporá un retroceso de décadas nos dereitos das mulleres á súa saúde sexual e reprodutiva.

No debate da proposición do BNG, o propio alcalde do PP afirmou que a actual funciona razoabelmente ben, e que non comparte a nova Lei que fixo o seu partido.

Aprobada a iniciativa do BNG para que non se lle corte o subministro eléctrico ás persoas sen recursos

O pleno municipal aprobou tamén -esta vez por unanimidade- unha moción do BNG para que a Xunta realice as modificacións legislativas necesarias para garantir o subministro eléctrico ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte as medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares máis desfavorecidos.

Asímesmo, acordouse demandar do goberno español que non suba a tarifa eléctrica este ano, así como que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

O BNG felicita aos veciños e veciñas polo cambio no trazado do AVE

Nestes días está exposto ao público o novo trazado da liña de "Alta velocidade", coñecido como "Variante de Cerdedo". Este trámite de exposición do novo trazado ven a confirmar o descarte definitivo daquela outra inicial, que pasando por Porráns afectaba de forma brutal a moitos veciños e veciñas do noso concello, así como ao noso territorio esnaquizando moitos lugares.

Pero aquel proxecto tan irracional, do que o BNG informara aos veciños nunha charla celebrada na biblioteca, non foi cambiado porque os gobernos de Madrid, nin o actual nin o anterior, chegaran a conclusión de que era un disparate. Quen conseguiu cambiálo foi a loita veciñal, ao fronte da cal se puxeron un grupo de persoas que, con moito traballo e sen descanso, organizadas nunha plataforma que sempre contou co noso apoio, foron quen de, combinando actos reivindicativos e negociación, obrigar aos responsábeis políticos do ministerio de Fomento a desistir daquela desfeita.

Temos que lembrar que foi unha loita intensa, que nun primeiro momento os representantes do goberno non accedían ao cambio do trazado, e que, aínda que houbo algunha xente en Barro (mesmo algún responsábel político) que non acreditaban en que se poidese conseguir ese obxectivo, as persoas que se puxeron a fronte desa loita non pararon até conseguilo.

E por iso que dende o BNG, queremos agradecer a todas as persoas que pelexaron daquela contra semellante barbaridade, e, especialmente, ás que lideraron a súa loita, porque conseguiron acabar con aquela ameaza que pesaba sobre o noso concello.

Garantía de subministro de auga

O novo proxecto, que cruza todo o monte Acibal nun tunel, pode afectar a manantiais dos que se capta auga tanto para a traída municipal como para traídas particulares, polo que toda a corporación municipal presentou alegacións para que se garanta o subministro de auga a todos os usuarios, e se algún manantial resulta afectado, que o ministerio se comprometa a solucionalo de forma efectiva.



EN PE
POR UN
ENSINO
PUBLICO
GALEGO

20/02/14
FOLGA ESTUDANTIL

